

**CONCELLO
DE VIGO**



vigocultura

Programación municipal de artes escénicas

Outubro / Decembro
AUDITORIO MUNICIPAL



ILLAS CÍES: Obxectivo Patrimonio da Humanidade



RITMO REFUGALLO

Venres 29 de setembro, 19h



IDIOMA



TODOS OS
PÚBLICOS



DURACIÓN

Compañía: TRÍO REFUGALLO

Xénero: teatro/música de rúa

Autoría: Fran Rei, Félix Rodríguez, Olivier Cano e Óscar Prieto

Dirección, deseño de iluminación e coreografía: Fran Rei

Escenografía: Trío Refugallo

Deseño de son, vestuario e música: Félix Rodríguez, Olivier Cano e Óscar Prieto

Elenco artístico: Félix Rodríguez, Olivier Cano e Óscar Prieto

PERCORRIDO:

DESDE A PORTA DO SOL POLA RÚA PRÍNCIPE

A animación, o clown e a música toman as rúas de Vigo co Trío Refugallo, unha nova proposta da man de grandes músicos e actores con experiencia en compañías e grupos como Odaiko, A Magnifique Bande dos Homes sen Medo, Os Tres Trebóns...

Coa dirección de Fran Rei, esta mestura de clown, música con instrumentos feitos a partir de materiais de refugallo, participación e interacción co público crea un novo concepto de pasacalle que espalla risa e ritmo.

Unha compañía que, con Ritmo Refugallo, cobre un oco que levaba tempo baleiro na escena galega en canto a risas, música e versatilidade.



YLLANA 25

Xoves 5 e venres 6 de outubro, 21 h

Compañía: YLLANA

Xénero: teatro comedia

Autoría: Marcos Ottone, Juan F. Ramos, Joe O'Curneen, Fidel Fernández e David Ottone

Dirección e coreografía: Yllana

Escenografía e música: VV.AA.

Deseño de son: Alberto Fernández Roda

Deseño de iluminación: Felipe Ramos

Vestuario: Ana Trussell

Elenco artístico: Fidel Fernández, Juan Ramos Toro, Luis Cao, Juanfran Dorado e Jony Elías



**PÚBLICO
ADULTO**



DURACIÓN



PREZO

2016 foi un ano moi especial para Yllana. Cumpriron 25 anos! E celebrárono como mellor saben facelo, cun novo espectáculo: Yllana 25, que foi estreado no MIM de Suecia e no FIOT de Carballo (tamén de 25 aniversario).

Un esmendrellante repaso sobre o escenario dos mellores momentos da traxectoria da mellor compañía de humor sen palabras, cunha selección dos mellores 25 sketches dos seus espectáculos.

Un show para escachar a rir que fará realidade o desexo dos fans de Yllana de gozar nun mesmo espectáculo dos gags que máis lles gustaron.

Let's rock! Let's Yllana!

ELECTRA

Venres 13 de outubro, 21h



Compañía: COMPAHIA DO CHAPITÔ

Xénero: teatro

Autoría: baseada nos textos clásicos de Sófocles e Eurípides

Dirección: Jose Carlos García e Cláudia Novoa

Tradución: César Arias e María Guerrero

Vestiario: Glória Mendes

Música: VV.AA.

Deseño de iluminación: David G. Florentino

Deseño de son: David G. Florentino

Elenco artístico: Nadia Santos, Jorge Cruz e Tiago Viegas



IDIOMA



PÚBLICO
ADULTO



DURACIÓN



PREZO

* Premio dos profesionais ao mellor espectáculo de teatro na Feira de Huesca

Despois de Edipo, a Compañía do Chapitô atrevéase con outro título complexo (que non complicado) dentro da traxedia grega: Electra. Na Atenas do rei Agamenón convócase unha guerra para liberar a bela Helena das garras do seu secuestrador (ou non, que hai quen di que se foi con Paris encantada da vida). Ao non ter vento favorable para os seus barcos, Agamenón sacrifica a súa filla Ifigenia por indicación dos profetas. Este feito desencadea que Clitemnestra trame a súa vinganza xunto a Existo, o seu amante e primo do rei. Tras dez anos de guerra, ao volver de Troia, Agamenón é asasinado, e Electra, coa axuda do seu irmán Orestes, víngase asasinando os amantes. E todo este baño de sangue, con moooooiiiiitas culleres, está en clave de comedia esmendrellante. Estilo Chapitô.



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE EDUCACIÓN, CULTURA
Y DEPORTE

inaem
Instituto Nacional de Artes Escénicas y de Música

PLATEA

PROGRAMA ESTATAL
DE ARTES ESCÉNICAS



ELISA E MARCELA

Venres 20 e sábado 21 de outubro, 21h

Compañía: A PANADARÍA

Xénero: teatro comedia

Actrices creadoras: Areta Bolado, Noelia Castro e Ailén Kendelman

Dirección: Gena Baamonde

Dramaturxia: Esther F. Carrodegua, Gena Baamonde e A Panadaría

Música: Ailén Kendelman

Vestuario e caracterización: Fany Bello

Iluminación: Laura Iturralde e Montse Piñeiro



IDIOMA



PÚBLICO
ADULTO



DURACIÓN



PREZO

O 8 de xuño de 1901 dúas mulleres, Elisa e Marcela, casan na igrexa de San Xurxo da Coruña. Para conseguiren enganar o cura e faceren oficial o seu amor, Elisa transfórmase en Mario. A voda e os posteriores sucesos que envolven a súa historia convértenas no primeiro matrimonio homosexual do que temos constancia en todo o Estado, mais tamén nunhas das mulleres máis transgresoras da historia de Galicia. Elisa e Marcela son un símbolo do desafío ás regras do binomio de xénero e da defensa dos dereitos das parellas lesbianas.

Elisa e Marcela é unha coprodución de A Panadaría co Centro Dramático Galego.

A compañía continúa coa súa liña de creación, baseada no humor, a música e o traballo de actriz. Ademais, mantén o seu compromiso coa igualdade, formando un equipo íntegro de mulleres.

NAGARE

Venres 27 de outubro, 21h



Compañía: CIRCLE OF TRUST - LOGELA

Xénero: danza hip hop

Autoría: Circle of Trust & Logela

Dirección: Jordi Vilaseca

Adaptación: Cot & Logela

Escenografía: Logela

Deseño de son: Ander Garaizabal

Deseño de iluminación: Fermín Izko

Vestuario: Wesc

Música: VV.AA.

Coreografía: Circle of Trust

Elenco artístico: Ignacio Fernández, David Ventosa, Víctor Lázaro, Alberto Pardo, Marcos Pardo e Juan Manuel Aragón



**PÚBLICO
ADULTO**



DURACIÓN



PREZO

Desde que nacemos, todo aquilo que nos rodea nos dá forma, moldea e esculpe como a corrente dun río fura as rochas do seu leito. Así pois, todo vira arredor da elección: aceptar ou negar, integrar ou romper, incorporar ou refugar as influencias. Somos conscientes dese proceso? Somos seres influenciabes? Nagare explora e mergúllase nas influencias, nada nas súas correntes para profundar nas súas orixes, nas súas motivacións, e observar como moldean sutilmente aos individuos sen que estes, en ocasións, sexan conscientes. Tras unha longa etapa de produción, presentan unha peza profunda e madura, retomando a fusión de danza e tecnoloxías audiovisuais, servíndose dunha nova escenografía totalmente integrada na peza.



GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE EDUCACIÓN,
CULTURA
Y DEPORTE



PLATEA

PROGRAMA ESTATAL
DE ARTES ESCÉNICAS



ENSAIO SOBRE A CEGUEIRA

Venres 3 de novembro, 21h

Compañía: SARABELA TEATRO

Xénero: teatro drama

Autoría: José Saramago

Dirección e adaptación: Ánxeles Cuña Bóveda

Escenografía: Suso Montero

Deseño de son: Renata Codda Fons

Deseño de iluminación: Baltasar Patiño

Vestuario: Fina Calleja

Música: VV.AA.

Coreografía: Cinematografía Jorge Coira e Gaspar Broullón

Elenco artístico: Vicente Montoto, Fina Calleja, Fernando Dacosta, Jorge Casas, Sabela Gago, Nate Borrajo, Josito Porto, Elena Seijo e Xavier Estévez



* Premio Fetega 2016 ao mellor espectáculo
Premio María Casares á mellor maquillaxe



IDIOMA



PÚBLICO
ADULTO



DURACIÓN



PREZO

Un home parado diante dun semáforo en vermello fica cego subitamente. É o primeiro caso dunha cegueira branca que se expande de maneira fulminante; internados en corentena ou perdidos na cidade, os cegos terán que enfrontarse co que existe de primitivo na natureza humana: a vontade de sobrevivir a calquera prezo. José Saramago traça unha imaxe conmovedora dos tempos que vivimos. Nun mundo así, haberá algunha esperanza?

Con todo, albíscase a posibilidade de que homes e mulleres se rediman pola práctica da lei, da solidariedade, da moral e da ética.

Ensaio sobre a cegueira é a ficción dun autor que nos alerta sobre a responsabilidade de ter ollos cando outros xa os perderon.

ANTÓN COMODÓN

Domingo 5 de novembro, 18h



Compañía: L'ESTAQUIROT TEATRE

Xénero: teatro monicreques

Autoría, deseño de son, deseño de iluminación e vestuario: L'Estaquirot Teatre

Dirección: Guillem Albá

Escenografía: Alfred Casas

Música: Ferrán Martínez

Elenco artístico: Nuria Benedicto, Olga Jiménez e Albert Albá



IDIOMA



+ 3 ANOS



DURACIÓN



PREZO

★ Premio FETEN 2016 ao Mellor Espectáculo de Monicreques

Esta é a historia de Antón, a quen de neno na súa casa llo facían todo; non facía falta que aprendese nada se el non quería. Cando creceu tiña un axudante, Nicolás, que era o encargado de facerlle todo. Pero un día Nicolás pensou que xa tiña bastante diñeiro e foise vivir ás Illas Verdes...

Así pois, Antón decidiu empezar unha longa viaxe en busca de Nicolás, atravesando campos, cidades e lugares descoñecidos para el, como unha granxa e un porto.

Durante a viaxe foi aprendendo moitas cousas. Cando por fin chegou ás Illas Verdes e se atopou co seu axudante, deuse de conta de que aprendera tanto que era capaz de valerse por si mesmo, e daquela decidiu quedar a vivir alí e botarlle unha man a Nicolás co seu carriño de xeados, como dous bos amigos.



VOL.1

Venres 10 de novembro, 21h

Grupo: VATAPÁ QUINTETO

Xénero: música bossa nova, swing, blues



**PÚBLICO
ADULTO**



DURACIÓN



PREZO

Vatapá Quinteto caracterízase por un divertido directo no que interpretan temas clásicos da música americana da primeira metade do século XX, principalmente bossa nova, blues e swing, cun son moi coidado a cargo de Paco Guimarei, que é xa marca da casa.

O nome do grupo está extraído da canción brasileira titulada *Você já foi à Bahia de Dorival Caymmi*, na que se fai unha auténtica exaltación da gastronomía do Estado de Bahia. O “vatapá” é un dos pratos tradicionais que se citan na canción e a banda decidiu adoptalo como nome, pola súa sonoridade musical e tamén como homenaxe á riquísima cultura brasileira. A súa formación de voz feminina, guitarra, clarinete, caixón e contrabaixo dálle ao grupo unha sonoridade moi persoal.

O concerto, que é a presentación do seu primeiro disco, contará con artistas invitados.

PUM PUM

Domingo 12 de novembro, 18h



Compañía: BAOBAB TEATRO

Xénero: teatro monicreques

Autoría: Andrea Bayer

Dirección e escenografía: Óscar Ferreira

Deseño de son: Daniel Abalo

Deseño de iluminación: Óscar Ferreira e Daniel Abalo

Vestuario: Baobab Teatro

Música nana: Elena Paz

Música orixinal: Davide González

Elenco artístico: Davide González e Andrea Bayer



IDIOMA



+ 5 ANOS



DURACIÓN



PREZO

Marieta é unha nena coma calquera nena de 5 anos, pero ela está rodeada de portas, portas que se abren e contan historias. Historias que teñen música e cantan cando Marieta quere, pero Marieta ten unha porta que garda un segredo. Un segredo que nunca contou e que ninguén escoitou.

Pum Pum é un espectáculo tenro para nenos e nenas a partir de 5 anos que fala de historias cotiás que lles pasan aos nenos e ás nenas destas idades, pero tamén transmite unha mensaxe clara: dende moi pequenos deben saber que ninguén os pode obrigal a facer cousas que non queren.



OUTONO

Venres 17 de novembro, 21h

Compañía: PISTACATRO PRODUCTORA DE SOÑOS

Xénero: novo circo

Autoría e coreografía: Pistacatro

Dirección e adaptación: Antón Coucheiro

Escenografía e vestuario: Uxía Vaello

Deseño de son e música: Xabier Mera

Deseño de iluminación: Javier Quintana

Elenco artístico: Aitor Garuz, Manu Lago, Natalia Outeiro “Pajarito” e Pablo Reboleiro



IDIOMA



+ 5 ANOS



DURACIÓN



PREZO

Con motivo dos dez anos do nacemento de Pistacatro, a emblemática compañía de novo circo galego dá o seu salto mortal máis arriscado: Outono, un novo espectáculo no que reúne aos seus fundadores para celebrar o máis difícil aínda: facerse maior.

Outono é unha homenaxe aos pallasos clásicos contada a través dunha compañía de clowns en plena crise. Un espello no que se miran os artistas e as súas personaxes, unha carpa caída onde se suceden as estacións. Outono é un espectáculo de teatro-circo, con música en directo, que nos conta a viaxe nostálgica de catro artistas ao seu pasado; unha celebración da amizade e dos fracasos, unha reivindicación de ser idiotas, unha mirada poética ao antigo oficio dos pallasos. Un reencontro cheo de emocións, verdade e humor.

OOPART: HISTORIA DE UN CONTRATIEMPO

Domingo 19 de novembro, 18h



Compañía: TRESPERTÉ CIRCO TEATRO

Xénero: novo circo

Autoría: Tresperté Circo Teatro e Antonio J. Gómez Sánchez

Adaptación: Antonio J. Gómez Sánchez

Escenografía: Carlos Monzón e En Ascuas Forja

Deseño de son e música: Iván Monje

Deseño de iluminación: Almudena Oneto

Vestuario: Laura León

Coreografía: Tresperté Circo Teatro

Elenco artístico: Claudia Ortiz, Paco Caravaca, Luis Ayuso e Carmine Piccolo



+ 6 ANOS



DURACIÓN



PREZO

★ Premios PACA ao mellor espectáculo de rúa, mellor escenografía, mellor iluminación e mellor vestuario
Premio FETEN 2017 á mellor música orixinal

O xentío agarda expectante para ver a sorpresa que lles deparará o dispositivo mecánico-temporal situado ante os seus ollos.

Nada é o que parece nesta aventura a través do tempo.

Unha peculiar tripulación, que acaba de chegar dunha viaxe a través do tempo, aterra ante os nosos ollos e preséntanos a grande oportunidade de facermos viaxes no tempo; iso si, por un módico prezo. Para iso farán gala dos seus mellores reclamos e dos seus asombrosos números circenses. Pero hoxe non é un día calquera na súa rutina como vendedores ambulantes.

Manipular o tempo ás veces ten as súas consecuencias.



HELENA: XUÍZO A UNHA LURPIA

Venres 24 de novembro, 21h

Compañía: TEATRO DO ATLÁNTICO

Xénero: teatro clásico

Autoría: Miguel del Arco

Dirección e deseño iluminación: Xúlio Lago

Adaptación: Inma López Silva

Escenografía: Antonio F. Simón

Deseño de son e música: Anxo Graña

Vestuario: Susa Porto

Elenco artístico: María Barcala



IDIOMA



PÚBLICO
ADULTO



DURACIÓN



PREZO

Nese espazo no que a nosa memoria se converte en inmortal, atopámonos con Helena de Troia, “a bela Helena”, a filla de Zeus e Leda, a esposa de Menelao, a amante de Paris.

Estamos no século XXI. Helena xa non é “a bela Helena”, senón unha muller con certos signos que nos falan do implacable paso do tempo. Aínda así, mantense posuidora dunha enerxía desbordante, habitando nunha especie de tobogán emocional transitado polos intensos episodios da súa travesía vital na que se mesturan a dor da nena violada por Teseo coa dor da esposa obrigada por Menelao; a paixón da amante namorada do fermoso Paris co desafío e o rancor para con Zeus, o seu divino pai; a ironía ao redor de moitos dos seus contemporáneos: Aquiles, Ulises... coa impotencia diante da crueldade da guerra...

REDONDO

Domingo 26 de novembro, 12 e 18h



Compañía: CARAMUXO TEATRO

Xénero: teatro para bebés

Autoría: Juan Rodríguez e Laura Sarasola

Dirección e coreografía: Laura Sarasola

Adaptación, escenografía, vestuario e música:
Caramuxo Teatro

Deseño de son e deseño de iluminación: Suso Jalda

Elenco artístico: Juan Rodríguez



IDIOMA



+ 6 MESES



DURACIÓN



PREZO *



Espectáculo para bebés.
Aforo limitado

Redondo é un espectáculo para a primeira infancia que xoga coas formas.

A Mr. Round fascínano todos os obxectos redondos, os máis curiosos obxectos con forma de circunferencia. Un día, na súa incesante procura, atopará unha asombrosa esfera que agocha historias sorprendentes.

Unha proposta visual para gozar en familia.

* Prezo: 5 € (1 persoa adulta + 1 bebé en escenario).

Resto de acompañantes en patio de butacas con visibilidade reducida de balde até completar aforamento.



Compañía: ARACALADANZA

Xénero: danza contemporánea

Autoría e música: Aracaladanza

Dirección e coreografía: Enrique Cabrera

Escenografía e vestuario: Elisa Sanz

Elenco artístico: Carolina Arijá Gallardo, Jorge Brea Salgueiro, Raquel de la Plaza Húmera, Jonatan de Luis Mazagatos e Jimena Trueba Toca

★ *Finalista MAX 2017 ao mellor espectáculo infantil ou familiar e á mellor figurinista*



+ 5 ANOS



DURACIÓN



PREZO

As ás da imaxinación fannos libres; ao despregármolas, descubrimos un universo de soños que nos devolve imaxes que debuxan a nosa anatomía, xogan coa xeometría e nos descubren a perspectiva. Permítennos voar.

Ver a natureza (tamén a nosa).

E xunto aos soños, atopar as nosas máis secretas ambicións.

Unha viaxe a cabalo convértenos en aves con ás que secretamente desexamos.

E ceando divertidos (esa última cea, que repetimos incansables!).

Benvidos ao xogo! Ao soño!

Voos.

CONTACREQUES

Domingo 10 de decembro, 12h e 18h



Compañía: EME2 EMOCIÓN&ARTE

Xénero: teatro monicreques

Autoría: Ricardo Combi

Dirección: Álex Díaz

Adaptación: Sandra Romarís

Escenografía: Javi Tirado

Diseño de iluminación e de son: Anxo Graña

Vestuario: Mari Seoane

Música: Santiago Ramos e Fran Lasuen

Elenco artístico: Rocío González e Rocío Salgado



IDIOMA



+ 3 ANOS



DURACIÓN



PREZO

Contacreques é un espectáculo poético, divertido, áxil e desenfadado.

Baseado nos contos clásicos: O Reiseñor, Garavanciño e Os Trasnos.

O Reiseñor: na remota China, o canto dun paxaro revélalle o gozo de vivir a un emperador.

Garavanciño: as peripecias dun minúsculo personaxe nun mundo de “xigantes”.

O zapateiro e os trasnos: a maxia dun Zapatrasno que é quen de transformar a realidade.



CANCIÓNS PARA DESAFINAR

Domingo 17 de decembro, 12 e 18h

Compañía: A GRAMOLA GOMINOLA

Xénero: música rock

Elenco artístico: Paco Cerdeira (guitarra), Anxelo de Xermar (baixo), Paula Romero (voz) e Rodrigo Muñoz (batería)



★ Finalistas dos Premios Martín Códax da Música 2016 e 2017 na categoría de música infantil



IDIOMA



+ 3 ANOS



DURACIÓN



PREZO

En Cancións para desafinar, o grupo segue apostando polo rock e posiciónase como o grupo de rock en galego para público infantil e familiar. Grandes temas que, a partir de agora, podemos escoitar nas voces dos nosos fillos e fillas, como A Fábrica de Carmela, Pita Récorde e moitos máis. Unha proposta de calidade que garante a diversión para gozar en familia a través da música.

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E ACCESO AO RECINTO

1. O despacho de billetes do auditorio **pechará con estrita puntualidade cinco minutos antes** da hora prevista de comezo do espectáculo, momento no que ademais se pecharán as portas de acceso ao recinto. **Comezado o espectáculo ninguén poderá acceder á sala.** Solicítase a máxima colaboración anticipando a hora de chegada para evitar colas á última hora que produzan o atraso do comezo do espectáculo.
2. As entradas non vendidas anticipadamente, de habelas, estarán dispoñibles no despacho de billetes desde unha hora antes do comezo previsto para o espectáculo.
3. As portas de acceso abriranse 15 minutos antes da hora prevista do comezo do espectáculo.
4. As entradas mercadas no despacho de billetes serán asignadas pola organización. En caso de que se queira seleccionar unha localización concreta, deberá utilizarse o sistema de venda anticipada. Todas as butacas ofertadas contan con boa visibilidade. O organizador non garante a autenticidade das entradas non adquiridas nos puntos de venda oficiais, polo que neste caso declina toda responsabilidade.
5. **TODO o público pagará entrada**, independentemente da idade ou de ocupar ou non butaca. Non poderá acceder ao recinto ninguén sen entrada para poder computar a súa capacidade efectiva por razóns de seguridade e conforme ao Plan de autoprotección do recinto. A capacidade é única e compútase por persoas, non por butacas ocupadas.
6. Non se lle permitirá o acceso a quen presente unha entrada emendada, rota ou con indicios de falsificación. Non se admiten cambios nin devolucións.
7. A organización informa, nos programas editados para a difusión de cada programación as idades recomendadas para determinados espectáculos, que solicitamos respecten na medida do posible de cara a garantir o seu bo desenvolvemento.
8. Ao entrar no recinto, o público, consonte a Lei, pode estar suxeito a un rexistro. Non se permitirá a entrada de comida, bebida ou obxectos que poidan ser considerados perigosos polo organizador ou estean prohibidos pola normativa vixente. Resérvase o dereito de admisión.
9. Nos espectáculos programados quedan reservados todos os dereitos de imaxe e propiedade intelectual. As persoas portadoras da entrada non poderán introducir cámaras de fotografar, de vídeo ou grabadoras; tampouco poderán nin filmar nin gravar o espectáculo sen autorización escrita do organizador; en todo caso, actuarase conforme os acordos e a lexislación vixente que corresponda.

VENTA DE ENTRADAS

AS ENTRADAS PODERÁN ADQUIRIRSE ANTICIPADAMENTE

(sen gastos de xestión, ao mesmo prezo que no despacho de billetes):

- A través da páxina **web de Ticketea**
- No teléfono **902044226**
- Na **Central de Espectáculos** (Velázquez Moreno 26)
Horario: De 10 a 13 e de 17 a 20h de luns a venres
De 10 a 13h os sábados
- O mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do seu comezo no **despacho de billetes do Auditorio** (sempre que haxa entradas disponibles)

ABONOS

(só en anticipada; non poderán adquirirse no despacho de billetes do propio Auditorio)

-ABONO Á CARTA 5

Elixe 5 espectáculos de toda a programación combinados como queiras e goza dun **15 % de desconto sobre o prezo total.**

-ABONO Á CARTA 10

Elixe 10 espectáculos de toda a programación combinados como queiras e goza dun **25 % de desconto sobre o prezo total.**

Auditorio do Concello de Vigo: praza do Rei 1. Vigo

ticketea

 902 044 226




Auditorio Municipal do Concello
Praza do Rei s/n


Auditorio Municipal do Concello
Praza do Rei s/n

**CONCELLO
DE VIGO**



INFORMACIÓN:

Teléfonos: Desde Vigo: 010 / Desde móbil ou fóra de Vigo: 986810260

Horario: De 8 a 20 horas de luns a venres / De 10 a 14 horas os sábados



Depósito Legal: VG 527-2017



Vigocultura

www.vigocultura.org



@Vigo_cultura